

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DIFUSIÓN CINEMATOGRAFICA CINEMAS DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *Director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar co **Concello de Cedeira** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a **data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Apoiar a programación cinematográfica no Concello de Cedeira durante o ano 2018 mediante un programa de exhibición de filmes, denominado Cinemas de Galicia, manténdose así unha programación estable e de calidade, impulsando a labor de difusión e creación de públicos

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.


Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundanéntase no seguinte:

Cinemas de Galicia é unha rede de salas públicas impulsada pola Agadic para a exhibición cinematográfica que ten como finalidade incrementar tanto o número de pantallas da Comunidade como as opcións de distribución dos filmes galegos máis recentes, un circuito que camiña, dende a súa creación en 2014, cara a progresiva ampliación dos seus espazos e dos títulos que conforman o seu catálogo, no que a produción galega dialoga sen complexos co cine europeo actual e que pretende achegar o cine a aquelas localidades que non dispoñen de salas comerciais.

O Concello de Cedeira, pretende desenvolver unha programación cinematográfica que lle facilite ao público a oportunidade de presenciar na súa poboación títulos que, aínda de contrastada calidade, non son doados de atopar nos circuitos comerciais. Esta actividade coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da industria audiovisual que a Agadic pretende levar a cabo, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas, establecendo accións conxuntas co Concello que permitan a súa participación no desenvolvemento deste programa

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de





Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

